# Proxecto
# Responsabilidade Social Empresarial

Diagnóstico de situación de RSE

Plan de RSE

Compromiso de implantación



# Índice


**1 Acoval** ........ **2**
- 1.1 Organización ........ 2
- 1.2 Centro de traballo ........ 2
- 1.3 Produto ........ 3
- 1.4 Capital Humano ........ 3
- 1.5 Actuacións en Responsabilidade Social Empresarial ........ 3
- 1.6 Sistemas de Xestión ........ 4

**2 Obxectivo do Proxecto de RSE** ........ **5**

**3 Alcance do Proxecto de RSE** ........ **6**

**4 Equipo de traballo do Proxecto de RSE** ........ **7**

**5 Diagnóstico de situación RSE** ........ **8**
- 5.1 Modelo de Xestión RSE ........ 10
- 5.2 Identificación dos Grupos de Interese ........ 13
- 5.3 Resultados do Diagnóstico ........ 15
  - *5.3.1 Resultados dos parámetros de Responsabilidade Económica ........ 16*
  - *5.3.2 Resultados dos parámetros de Responsabilidade Medioambiental ........ 17*
  - *5.3.3 Resultados dos parámetros de Responsabilidade Social ........ 19*
- 5.4 Análise DAFO ........ 23
- 5.5 Identificación das áreas de mellora ........ 25
- 5.6 Conclusións do Diagnóstico de situación da RSE ........ 27

**6 Plan de Responsabilidade Social Empresarial** ........ **28**
- 6.1 Obxectivos do Plan de RSE ........ 29
- 6.2 Medidas de RSE a implantar ........ 30
- 6.3 Difusión e comunicación do Plan de RSE ........ 38
  - *6.3.1 Xornada de difusión do Plan de RSE ........ 38*
- 6.4 Planificación das medidas de actuación de RSE ........ 39

**7 Compromiso de implantación** ........ **40**




# 1 Acoval

## 1.1 Organización

A empresa **Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.A.**, antes Excavaciones Domingo Rodríguez, S.A. está presente no sector da construción, dedicándose á obra civil.

Forma parte dun grupo empresarial situado nas comarcas de Valdeorras e Quiroga, participando en diferentes sectores.

As obras civís forman a base da actividade principal de **Acoval** . dende a súa fundación vai 30 anos. Isto esixe unha sólida estrutura de medios, tecnoloxía e un persoal cualificado e experto en todos os postos. Esta forma de traballo outorga unha capacidade e solidez eliminando a subcontratación, obténdose deste xeito, unha produción integrada coa Organización coma única responsable dos procesos, garantindo así o cumprimento de prazos cos máximos niveis de calidade, seguridade e co respecto do Medio Ambiente

## 1.2 Centro de traballo

A Organización dispón de tres centros de traballo:

- Oficinas **Acoval**

Crta. Veigamuiños, 156

C.p.32300 O Barco, Ourense

- Oficinas Planta de Aglomeradora: Parque Empresarial de Quiroga.

- Oficina Planta Formigón: Parque Empresarial de Quiroga.



## 1.3 Produto

As obras civís forman a base da actividade principal de **Acoval**, nos 30 anos de actividade realizou obras para diversas empresas e organismos públicos tanto nacionais como rexionais e provinciais.

Entre os principais produtos destácanse a construción de estradas, obras hidráulicas, movementos de terras, selado e clausura de vertedoiros e a construción, restauración, reformas e acondicionamento do entorno de edificacións civís e industriais.

Así mesmo, como apoio ao desenvolvemento da actividade, a organización desenvolve dúas subactivadades:

A produción de aglomerado asfáltico en quente na planta de Aglomeradora de **Acova**l, que a organización incorporou ás súas actividades en 1995.

A produción de formigón preparado na planta de Formigón que **Acoval** incorporou ás súas actividades en central no ano 1993.

## 1.4 Capital Humano

**Acoval** conta persoal cualificado e experto en todos os seus postos de traballo. Esta característica de traballo outórgalle á organización unha enorme capacidade e solidez eliminando a subcontratación, obtendo, deste xeito, unha produción integrada co seu capital humano como únicos responsables dos procesos, garantindo así o cumprimento de prazos con máximos niveis de calidade, seguridade e respecto ao medio ambiente.

A capacidade do equipo de **Acoval** permite dar servizo a calquera das demandas dos seus clientes, tanto no dimensionamento de equipos como en prazos, garantindo en todo momento o nivel de calidade esixido polos clientes.

## 1.5 Actuacións en Responsabilidade Social Empresarial

Dende a súa constitución ata o presente, a empresa **Acoval**, buscou aunar de maneira inseparable o crecemento económico, a responsabilidade social e o respecto ao medio ambiente.

Este é o ámbito de responsabilidade social da empresa, que se desenvolve no concepto da sostibilidade, é dicir, a capacidade da organización para xerar uns beneficios que permitan, de forma consistente, retribuír ao capital, contribuír á mellora do medio ambiente e proporcionar benestar ás persoas que, tanto interna como externamente, manteñen intereses ou vínculos de relación.

O desenvolvemento do presente **Proxecto de RSE** é o primeiro paso de **Acoval** para fomentar unha cultura socialmente responsable na xestión da actividade e nas relacións cos seus grupos de interese.

Nesta liña, **Acoval** declara a integración dos seus obxectivos económicos cunha política activa para o desenvolvemento sostible, a xestión ética dos negocios e a acción social a través do **Plan de RSE**.

A responsabilidade social da Organización ten a súa columna vertebral no desenvolvemento integral das persoas, tanto no aspecto profesional como no persoal.

## 1.6 Sistemas de Xestión

**Acoval** busca nas súas actividades a mellora continua, sendo consciente ademais, da importancia do Medio Ambiente e da responsabilidade que ten na súa protección.

Froito deste compromiso coa calidade e co Medio Ambiente, **Acoval** ten adaptada a empresa aos requisitos esixidos pola UNE-EN ISO9001:2000 e UNE-EN ISO 14001:1996, certificando en calidade a canteira de áridos Canteras Cuarcitas San Clodio S.L. no ano 2001 e a produción e o subministro de Aglomerados Asfaltico en quente e Formigón Preparado en Canteras en Calidade e Medio Ambiente en setembro de 2002.



## 2 Obxectivo do Proxecto de RSE

A finalidade do presente **Proxecto de Responsabilidade Social Empresarial** é a de desenvolver un **Plan de RSE** no que se estableza unha estratexia de RSE a través da identificación das áreas de mellora e a definición das medidas de implantación.

Para a identificación das áreas de mellora é preciso levar a cabo un análise que permita á organización coñecer cal é a súa situación en materia de RSE. Neste sentido, desenvolverase un **Diagnóstico de situación de RSE** a través do cal pódase medir o grado de implantación de aspectos como xestión ambiental, a conciliación da vida familiar e laboral, condicións laborais, igualdade de oportunidades e política social, entre outros.

A posta en marcha deste **Proxecto de RSE** conta dende o seu inicio coa participación activa de todos os responsables da Organización na toma de decisións e coa opinión de todos os traballadores.



# 3 Alcance do Proxecto de RSE

O **Proxecto de RSE** de **Acoval** contempla a todos os Grupos de Interese da Organización, prestando especial atención ao colectivo dos traballadores, que é activo clave da organización.

A implicación dos traballadores na adopción dunha cultura socialmente responsable supón un valor engadido, e tamén unha oportunidade para políticas innovadoras de xestión de RRHH, xa que as iniciativas de RSE na Organización executadas polos traballadores, constitúen un bo escenario para o desenvolvemento de prácticas responsables.

A seguinte táboa, amosa a composición do equipo persoal da Organización en maio do 2010, sobre o que o **Plan de RSE** e a formación interna terán repercusión.

| REPERCUSIÓN SOCIAL DO PLAN DE RSE | | |
|---|---|---|
| Empregados | 52 - Homes | 7 - Mulleres |



# 4 Equipo de traballo do Proxecto de RSE

**Acoval** definiu un *equipo de traballo* que participase no desenvolvemento do **Proxecto de RSE**. Este equipo estivo formado polos responsables das distintas áreas de traballo da organización.

Ademais, foi necesario definir un interlocutor para a coordinación dos traballos a desenvolver. Esta función a realizou a directora xeral de **Acoval**, entendendo que as accións de RSE deberán ser principalmente apoiadas e impulsadas dende a dirección.

O seguinte esquema reflicte o *Equipo de Traballo de RSE*.




Nese sentido, coa finalidade de dar cumprimento ao obxecto do **Proxecto de RSE** o equipo de traballo será o responsable de atender ao **Diagnóstico de situación de RSE** e formular as medidas de implantación do **Plan de RSE** a través do apoio e asesoramento do equipo consultor.

# **Proxecto**
# Responsabilidade Social Empresarial

## **Diagnóstico de situación**

Responsabilidade Social Empresarial

2009/2010



O obxecto do presente **Diagnóstico de situación de RSE** é coñecer cal é a situación na que se encontra a Organización en materia de RSE, analizando a realidade da organización como base de partida para a elaboración do **Plan de RSE** que define, prioriza e planifica no tempo as distintas actuacións de Responsabilidade Social Empresarial.

O **Diagnóstico de situación de RSE** basease nun *Modelo de Xestión de RSE*, creado pola equipo consultor, o cal analizará a situación da organización en relación aos seguintes ámbitos:

- Responsabilidade Económica
- Responsabilidade Medioambiental
    - Xestión ambiental.
- Responsabilidade Social
    - Conciliación da vida familiar e laboral.
    - Igualdade de Oportunidades.
    - Política Social.

Dentro de cada un dos puntos anteriores, analizaranse aqueles aspectos que permitan coñecer a situación de **Acoval** en relación aos *grupos de interese* e poder así satisfacer as necesidades e expectativas de todos eles.

Como resultado da aplicación do *Modelo de Xestión de RSE*, **Acoval** obterá unha fotografía da súa situación en relación aos aspectos da RSE establecidos no mesmo, e será consciente do nivel de responsabilidade das súas accións. A partir dos valores definitorios da RSE e dun procedemento específico de valoración, **Acoval** poderá valorar, implantar, coñecer e cuantificar as actuacións de RSE da súa organización.

Cabe destacar que o proceso de diagnose contou tanto coa participación activa dos responsables da empresa e coa opinión do traballadores e proporcionou información de utilidade a través da investigación e reflexión de distintos aspectos.

## 5.1 Modelo de Xestión RSE

Co *Modelo de Xestión de RSE* creado polo equipo consultor, **Acoval** coñecerá cáles son os comportamentos responsables que xa ten incorporados e os que non, e será a partir deste momento, cando se poderán establecer as medidas ou actuacións necesarias para avanzar no camiño do compromiso empresarial coa RSE.

Os parámetros principais en base os cales se realizou o **Diagnóstico de situación RSE** foron os seguintes: Parámetros económicos, ambientais e sociais.




O *Modelo de Xestión de RSE* ten como base un modelo que avalía parámetros cualitativos. Amósase na seguinte táboa o criterio de avaliación dos distintos parámetros:

| | |
|---|---|
| **N/A** | Non se aplica este aspecto |
| **0** | Non se realiza este proceso |
| **1** | A actividade realízase parcialmente pero non está documentado o proceso |
| **2** | A actividade desenvólvese na súa parcialidade ou totalidade e o proceso está documentado |
| **3** | A actividade desenvólvese na súa totalidade, e o proceso está documentado e se realiza o seu seguimento |
| **4** | A actividade desenvólvese na súa totalidade, o proceso está documentado, realízase o seu seguimento e establécense áreas de mellora |
| **5** | A actividade desenvólvese na súa totalidade, o proceso está documentado, realízase un seguimento e establécense áreas de mellora. O proceso compárase cos mellores do sector e hai evidencias de ser o mellor do sector. |

Para dar comezo ao Proxecto de RSE mantívose unha primeira reunión entre o equipo de traballo e o equipo consultor, onde se presentou o proxecto, a súa metodoloxía e a planificación no mesmo.

| CENTRO DE TRABALLO | DÍA DA REUNIÓN | INTERLOCUTOR | LUGAR | MODALIDADE |
|---|---|---|---|---|
| OURENSE | 5 xullo 2010 | Pablo Señarís Rodríguez | Crta. Veigamuiños 156, 32300 | Presencial |

Finalizada a presentación do proxecto ao equipo de traballo e comunicado aos traballadores por medio dos seus responsables, iniciouse a primeira fase do proxecto consistente na realización do **Diagnóstico de situación de RSE** en cada unha das súas dimensións, económicas, ambientais e sociais.

Para iso o equipo consultor externo con obxecto de obter información relativa aos principais parámetros mantivo varias reunións co equipo de traballo do **Plan de RSE** de **Acoval**.

Amósase, de seguido, a planificación das sesións de traballo desenvolvidas:

| DIAGNÓSTICO | DÍA DA REUNIÓN | RESPONSABLE | INTERLOCUTOR |
|---|---|---|---|
| RESPONSABILIDADE ECONÓMICA | *12 Xullo 2010* | *Responsable Administración* | *Susana Clemente Tiemblo* |
| RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL | *13 Xullo 2010* | *Responsable PRL, calidade e Medioambiente* | *Pablo Señarís Rodríguez* |
| RESPONSABILIDADE SOCIAL | *14 Xullo 2010* | *Director Xeral e Responsable de RRHH* | *Susana Clemente Tiemblo* |



## 5.2 Identificación dos Grupos de Interese

Os *Grupos de Interese* de **Acoval** son aquelas persoas, vinculadas ou non á organización a través dunha relación contractual, ou colectivos que poidan verse afectados pola estratexia e actividades realizadas pola organización,ou ben, afectar á mesma.

En **Acoval** a responsabilidade social enténdese ligada ao desenvolvemento de actividades de negocio, respectando ao mesmo tempo as necesidades dos seus *grupos de interese*. Trátase de xestionar os impactos das actuacións da organización na sociedade, impulsado as actividades que creen beneficios e respondan as expectativas e necesidades das comunidades, clientes, empregados e o medio ambiente, entre outros grupos.

Desde o punto de vista da súa relevancia para a súa actividade, **Acoval** ten identificado distintos *grupos de interese*. Amósase para cada grupo as expectativas e as canles de comunicación dispoñibles.

Destacar, que o proceso de identificación dos Grupos de Interese levouse a cabo no equipo de traballo coa participación de todos os seus membros.



| GRUPOS DE INTERESE ACOVAL | | |
|---|---|---|
| **GRUPO** | **EXPECTATIVAS** | **CANLES DE COMUNICACIÓN** |
| **CLIENTES** | Transparencia informativa.<br>Servizos de Calidade.<br>Garantías de Seguridade.<br>Precios xustos. | Páxina web<br>Correo electrónico<br>Teléfono |
| **EMPREGADOS** | Condicións laborais<br>Prestacións sociais<br>Formación | Comunicacións internas<br><br>Responsables directos |
| **SOCIOS** | Rentabilidade económica<br>Responsabilidade Social Empresarial<br>Transparencia informativa | Consello de admnistración<br>Xunta xeral |
| **PROVEDORES** | Desenvolvemento económico<br>Cumprimento dos compromisos | Páxina web<br>Correo electrónico<br>Teléfono |
| **COMUNIDADE LOCAL** | Creación de emprego<br>Actividades sociais | Páxina web<br>Correo electrónico<br>Teléfono |
| **AUTORIDADES PÚBLICAS** | Creación de emprego<br>Protección do Medio Ambiente<br>Mellora da calidade de vida<br>Responsabilidade Social Empresarial<br>Desenvolvemento Económico | Páxina web<br>Correo electrónico<br>Teléfono |

## 5.3 Resultados do Diagnóstico

A situación de **Acoval** en relación ás principais dimensións da Responsabilidade Social Empresarial obtívose de valorar e analizar unha serie de parámetros dentro de cada un dos bloques, económico, medioambiental e social.

A cada un destes parámetros se lle asignou unha calificación de acordo coa escala de valoración amosada anteriormente, tendo en conta o grado de implantación dos mesmos na organización.

Preséntanse, a continuación, os resultados dos parámetros analizados en cada unha das dimensións da RSE analizadas no diagnóstico e as súas puntuacións:

| GRAO DE IMPLANTACIÓN | | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|
| **N/A** | Non se aplica o aspecto | **-1** |
| **0** | Non se realiza o proceso | **0** |
| **1** | A **actividade realízase parcialmente** pero **non está documentado** o proceso | **10** |
| **2** | A **actividade desenvólvese na súa parcialidade ou totalidade** e **o proceso está documentado** | **20** |
| **3** | A **actividade desenvólvese na súa totalidade**, o **proceso está documentado** e realízase **o seu seguimento** | **50** |
| **4** | A **actividade desenvólvese na súa totalidade**, o **proceso está documentado**, realízase **o seu seguimento e establécense áreas de mellora** | **70** |
| **5** | A **actividade desenvólvese na súa totalidade**, o **proceso está documentado,** realízase un o seu **seguimento e establécense áreas de mellora**. O proceso **compárase cos mellores** do sector e hai **evidencias de ser o mellor do sector.** | **100** |

## *5.3.1 Resultados dos parámetros de Responsabilidade Económica*

| | REF | | CUESTIÓNS | GRAO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | % | VALORACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | N/A | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | PUNTOS FORTES | ÁREAS DE MELLORA |
| RESPONSABILIDADE ECONÓMICA | ASPECTO: Transparencia informativ | | | | | | | | | | | | |
| | TI | 1 | Publica a organización informacións sobre aspectos económicos, sociais e ambientais da actividade | | x | | | | | | 0 | A organización presenta os resultados económicos no Rexistro mercantil, así mesmo dispoñen dun documento interno cos resultados mediambientais como consecuencia do sistema de xestión. | Estes resultados non se publican externamente |
| | TI | 2 | Nas publicacións de información económica, social e ambiental se inlúen datos tanto favorables como desfavorables | | x | | | | | | 0 | | A organización non desenvolve publicacións dos seus resultados, polo iso non se reflicten resultados nin favorables nin desfavorables |
| | TI | 3 | Son auditados por terceiros os resultados económicos, ambientais e sociais do desempeño da organización | | | | x | | | | 20 | SI, a organización audita os seus relutados económicos e medioambientais | A organización non desenvolve auditorias dos seus resultados sociais |
| | ASPECTO: Socioeconómicos | | | | | | | | | | | | |
| | SE | 1 | Na selección de produtos financieiros, a organización ten en conta criterios éticos na súa decisión | | x | | | | | | 0 | | Recoménsdase incluir criterios de éticos e de sostibilidade na selección de produtos financieiros |
| | SE | 2 | Parte dos beneficios son destinados aos seus Grupos de Interese | | | | x | | | | 20 | SI, a organización desenvolve aportacións económicas a atuacións específicas na comunidade. | A organización non coñece o concepto de Grupos de Interese |



### *5.3.2 Resultados dos parámetros de Responsabilidade Medioambiental*

| | REF | | CUESTIÓNS | GRAO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | % | VALORACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | N/A | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | PUNTOS FORTES | ÁREAS DE MELLORA |
| RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL | ASPECTO: Xestión Ambiental | | | | | | | | | | | | |
| | GA | 1 | Existe na organización un responsable de medio ambiente | | | | | | x | | 70 | SI, a través do Sistema de Xestión defínese a figura dun Responsable de Medio Ambiente | |
| | GA | 2 | A organización opera baseándose en sistemas de xestión mediomabiental recoñecidos (ISO14000, EMAS...) | | | | | | x | | 70 | SI, a organización opera en base aos criterios da ISO 14001 a través do Sistema de Xestión de Medio | |
| | GA | 3 | A organización realiza periodicamente controis de impacto ambiental causados pola súa actividade | | | | | | x | | 70 | SI, é un requisito do Sistema de Xestión Medio Ambiental. Ase mesmo, a organización desenvolve estudos de impacto ambiental como consecuencia da sua actividade | |
| | GA | 4 | A organización implementa medidas para a redución dos impactos ambientais | | | | | | x | | 70 | SI, a organización establece medida correctivas sempre que sexa necesario e que determinese nos controis e estudos de impacto ambiental | |
| | ASPECTO:Sensibilización Ambiental | | | | | | | | | | | | |
| | SA | 1 | Levan a cabo campañas internas de sensibilización e educación ambiental para os empregados | | | | | | x | | 70 | SI, a organización desenvolve xornadas internas de formación ambiental e dispón dun Manual de Boas Prácticas Ambientais | |
| | SA | 2 | Desenvolve campañas de sensibilización ambiental para a comunidade local | | x | | | | | | 0 | | A organización non desenvolve ningunha actuación en materia de sensibilización ambiental para a comunidade |
| | ASPECTO: Materiais | | | | | | | | | | | | |
| | MA | 1 | A organización coñece a repercusión ambiental dos materiais que utiliza no seu proceso | | | | | | x | | 70 | SI, a organización teñe recollido no seu Sistema de Xestión Ambiental os materiais que utiliza na súa actividade | |
| | MA | 2 | A organización esta comprometida coa redución do consumo de materias primas cuxa extracción, elaboración, ou uso xeren dano ambiental | | | | | | x | | 70 | SI, a organización comprometese coa reducción dos seu consumo de materias primas e así reflictese no Sistema de Xestión | |
| | ASPECTO: Auga | | | | | | | | | | | | |
| | AG | 1 | A organización está comprometida coa redución do consumo de auga | | | | | | x | | 70 | SI, a organización comprometese coa reducción dos seu consumo de auga e así reflictese no Sistema de Xestión | |
| | AG | 2 | A organización leva a cabo un seguimento do conusmo de auga nas súas instalacións | | | | | | x | | 70 | SI, a organización desenvolve un control e seguimento do seu consumo de auga e así reflíctese no Sistema de Xestión | |
| | AG | 3 | A organización desenvolveu campañas de redución de consumos de auga | | | | x | | | | 20 | SI, a organización desenvolve xornadas internas de formación ambiental nelas traballanse aspectos como a reducción do consumo de auga | |
| | ASPECTO: Verteduras | | | | | | | | | | | | |
| | VE | 1 | A organización ten detectadas e controladas as verteduras como consecuencia da súa actividade | | | | | | x | | 70 | SI, a organización ten controladas as súas verteduras a través do Sistema de Xestion Medioambiental | |

**RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL**

| REF | | CUESTIÓNS | GRAO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | % | VALORACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | N/A | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | PUNTOS FORTES | ÁREAS DE MELLORA |
| ASPECTO: Biodiversidade | | | | | | | | | | | | |
| BI | 1 | A actividade desenvolvida non provoca danos na biodiversidade ou ben desenvolvéronse programas co obxecto de preservala (áreas protexidas, protección de animais) | | | | | | x | | 70 | SI, a organización como consecuencia da súa actividade de construcción ten un impacto na biodiversidade, é por iso que a organización desenvolve estudos de impacto ambiental, onde se contempla este aspecto. O Sistema de xestión contempla os posibles impactos da actividade na Biodiversidade | |
| ASPECTO: Derramo | | | | | | | | | | | | |
| DR | 1 | A organización ten detectados e controlados os derramos como consecuencia da súa actividade | | | | | | x | | 70 | SI, a organización os ten controlados e así reflíctese no Sistema de Xestión Medioambiental | |
| DR | 2 | Existen medidas implantadas para reducir os derramos e o seu impacto | | | | | | x | | 70 | SI, o Sistema de Xestión Medio Ambiental recolle as iniciativas para reducir os posibles derramos da actividade | |
| ASPECTO: Envases e Embalaxes | | | | | | | | | | | | |
| EE | 1 | A organización promove o uso de envases e embalaxes reutilizables | | x | | | | | | 0 | A organización non consume envases e embalaxes no seu proceso de producción | |
| EE | 2 | A organización dispón ou acude a sistemas de redución/reutilización/reciclaxe de materiais para os envases e embalaxes | | | | | | x | | 70 | SI, a organización reutiliza e recicla os envases e embalaxes adquiridos pola compra de materiais. Así mesmo acude a sistemas de recollida que aseguran un tratamento axeitado dos mesmos. | |
| ASPECTO: Emisións | | | | | | | | | | | | |
| EM | 1 | A organización ten detectadas e controladas as emisións nocivas como consecuencia da súa actividade | | | | | | x | | 70 | SI, a organización ten detectadas as súas emisións, e así reflíctese no seu Sistema de Xestión Ambiental | |
| EM | 2 | Posúe a organización un sistema de control con metas específicas para a redución de emisións | | | | | | x | | 70 | SI, a organización desenvolve un control e seguimento das súas emisión e reflíctense no seu Sistema de Xestión Ambiental | |
| ASPECTO: Enerxía | | | | | | | | | | | | |
| EN | 1 | A organización está comprometida coa redución do consumo de enerxía | | | | | | x | | 70 | SI, a organización comprometeuse coa reducción do consumo de enerxía e así reflíctese no Sistema de Xestión Medioambiental | |
| EN | 2 | Dispón a organización de iniciativas para o uso de fontes de enerxía renovables | | x | | | | | | 0 | | A Organización polo momento non desenvolve ningunha actuación neste sentido. |
| EN | 3 | Conta a organización con sistemas de control con metas específicas para a mellora da eficiencia enerxética | | | | | | x | | 70 | SI, a través do Sistema de Xestión Ambiental a Organización establece metas específicas | |
| ASPECTO: Residuos | | | | | | | | | | | | |
| RES | 1 | A organización ten clasificados os seus residuos | | | | | | x | | 70 | SI, a través do Sistema de Xestión Medioambiental, a organización ten clasificados os seus residuos | |
| RES | 2 | Desenvolve a organización programas de redución de residuos | | | | | | x | | 70 | SI, a organización desenvolve programas de reutilización dos residuos non perigrosos | |
| RES | 3 | Ten a organización programas de selección de residuos en orixen | | | | | | x | | 70 | SI, e así reflíctese no Sistema de xestión medioambiental | |

## *5.3.3 Resultados dos parámetros de Responsabilidade Social*

| REF | | CUESTIÓNS | GRAO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | % | VALORACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | N/A | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | PUNTOS FORTES | ÁREAS DE MELLORA |
| ASPECTO: Política Social | | | | | | | | | | | | |
| CM | 1 | A organización está comprometida coa comunidade na que desenvolve a súa actividade: creación de emprego, desenvolvemento de actividades, etc. | | | | | x | | | 50 | SI, a organización está comprometida coa comunidade na que convive e o reflicte mediante o patrocinio da Escola de Futbol Sala do Barco | |
| CM | 2 | A organización recoñece a comunidade como parte interesada importante nos seus procesos decisorios | | x | | | | | | 0 | | A organización non contempla a comunidade na toma de decisións |
| CM | 3 | Desenvolve a organización proxectos propios que beneficien á comunidade | | | | x | | | | 20 | A organización colabora cos proxectos da comunidade como é o patrocinio da Escola de Futbol Sala do Barco | |
| CM | 4 | Participa xunto con outras empresas na discusión e a busca de solucións aos problemas comunitarios | | | | x | | | | 20 | SI, a xerencia da organización participa como representante da empresa en distintas asociacións sectoriais | |
| CM | 5 | Informa a organización internamente os seus empregados dos proxectos desenvolvidos na comunidade local, ofrecéndolles a oportunidade de traballo voluntario e estimulando a participación dos empregados. | | | x | | | | | 10 | SI, a organización comunica de xeito informal aos seu traballadores as actuación que estanse a desenvolver na comunidade para que os que o desexen poidan participar | Recoméndase informar a todos os traballadores formalmente das actuacións a desenvolver na comunidade para fomentar a súa participación |
| CM | 6 | Difunde a organización as boas prácticas sociais e ambientais na comunidade | | x | | | | | | 0 | | A organización non desenvolve ningunha actuación neste sentido |
| CM | 7 | Establece a organización un diálgo estruturado con asociacións para dar a coñecer, entender, prever e reducir os impactos da actividade | | | x | | | | | 10 | SI, a xerencia da organización participa como representante da empresa en distintas asociacións sectoriais coa finalidade de establecer un diálogo social | |
| CM | 8 | Fomento e desenvolvemento de accións sociais: programas de voluntariado, colaboracións con ONGs, etc. | | | x | | | | | 10 | SI, a organización colaborou con organismos como a Cruz Vermella e Cáritas a través de doazóns. Así mesmo, a organización patrocina o Equipo de futbol infantil de Valdeorras | |
| CM | 9 | Lévanse a cabo estudos ou investigacións con aspectos sociais de forma periódica | | x | | | | | | 0 | | A organización non desenvolve ningunha actuación neste sentido |



| REF | | CUESTIÓNS | GRAO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | % | VALORACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | N/A | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | PUNTOS FORTES | ÁREAS DE MELLORA |
| ASPECTO: Traballadores / Boas Prácticas | | | | | | | | | | | | |
| BP | 1 | Promove unha repartición equilibrada e equitativa da carga de traballo | | | x | | | | | 10 | SI, a organización promove unha repartición equilibrada do traballo, sendo as cargas de traballo repartidas en función do posto de traballo desempeñado | |
| BP | 2 | Ofrece a organización servizos de apoio, e colocación e/ou recapacitación aos seus traballadores | | | x | | | | | 10 | A organización sempre que pode recoloca aos seus traballadores unha vez remastada a obra na que está a traballar noutras obras. | |
